



☎ 618 61 77 99



OUTROS DATOS DE INTERESE

Horarios habituais durante a estancia (en hora portuguesa):

PEQUENO ALMORÇO	08:30h
SAÍDA PARA A RUTA	09:15h
CEA (museo arqueolóxico)	21:30h



Web do concello: <http://www.cm-fozcoa.pt>
 Web do museo: <http://www.arte-coa.pt>

Teléfono da Pousada da Juventude: (00351) 279 764 041
 Teléfono do C.M. O Carrucho: (0034) 618 617 799

HAI QUE LEVAR A TARXETA SANITARIA EUROPEA PARA ASEGURAR A ASISTENCIA MÉDICA EN CASO DE URXENCIA

Club de Montaña "O Carrucho"

SENDEIRISMO NO ALTO DOURO VINHATEIRO Vila Nova de Foz Côa (Portugal) 1-4 MAIO 2014



www.carrucho.org



PRESENTACIÓN

Presentámosvos esta viaxe de sendeirismo de baixa montaña polo chamado **Alto Douro Vinhateiro**, na que gozaremos dunha paisaxe excepcional, con nada menos que dúas zonas que son Patrimonio da Humanidade. Tres son os principais motivos de interese:

O Alto Douro Vinhateiro. É a primeira rexión do mundo na que se creou unha Denominación de Orixe dun viño (ano 1756), o famoso viño de Porto. A *Região Demarcada do Douro* abarca unha inmensa riqueza paisaxística e cultural, engloba varios municipios: Régua, Santa Marta de Penaguião, Vila Real, Alijó, Carrazeda de Ansiães, Torre de Moncorvo, Lamego, Tabuaço, São João da Pesqueira, Vila Nova de Foz Côa entre outros. A UNESCO declarouna no ano 2001 Patrimonio da Humanidade na categoría de paisaxe cultural.

O Parque Arqueolóxico do Val do río Côa. Durante a construción dunha presa que ía inundar todo o val, foron localizadas diversas zonas ao aire libre, con pinturas rupestres que os científicos consideran do Paleolítico Superior. Un movemento popular conseguiu paralizar a obra da presa e evitar a desaparición deses gravados, que pola súa importancia foron declarados pola UNESCO Patrimonio da Humanidade en 1998.

As vías de ferrocarril abandonadas e en uso. As vías dos *caminhos de ferro* teñen un papel protagonista nesta viaxe. O seu trazado discorre polos lugares máis fermosos destes vales, abrazando o río Douro durante moitos quilómetros. O abandono dunha parte importante destas liñas, permítenos percorrelas aínda que a maioría non estean preparadas como as chamadas vías verdes oficiais. Todos os días camiñaremos por elas, e o último subirémosnos a un *comboio* para gozar dunha excursión única e inesquecible.

Cos melhores cumprimentos,

David Jove

XOVES 1 DE MAIO

LINHA DO CORGO, DE VILA REAL A PESO DE RÉGUA

Trátase dunha vella liña de *caminho de ferro* inaugurada en 1910 que unía Peso de Régua con Chaves. Cos anos foi perdendo usuarios recortándose ata Vila Real. En 2009 quedou definitivamente abandonada, reconverténdose en vía verde non oficial, que discorre sempre paralela ao curso baixo do río Corgo, que desemboca no Douro en Peso de Régua.



A ruta, no sentido en que a facemos, é sempre en suave baixada, a media aba, entre grandes plantacións de viñedos. Ten unha senda ancha cun chan de terra compactada, sen vías, travesas ou pedras, o que permite gozar aínda máis das magníficas vistas que hai en todo o percorrido, e coñecer as pequenas aldeas e as súas distintas estacións. En **Alvações** faremos a parada do xantar, e poderemos tomar café e probar o viño da zona.

Pola tarde quedaranos unha hora de camiño ata chegar a Tanha, onde a liña se cruza coa estrada e nos recollerá o bus.

Distancia: 21 km - Desnivel: -336 m - Tempo: 7 h.

VENRES 2 DE MAIO

TORRE DE MONCORVO – FOZ DO RÍO SABOR

Partimos de **Torre de Moncorvo**, unha fermosa cidade de media montaña da Serra do Reboredo, a 25 km de Vila Nova de Foz Côa.

No principio pasaremos pola **Ecopista da Linha do Sabor** (outra liña abandonada) para chegar ata a estación. Alí enlazaremos cunha fermosa senda en baixada, que nos permitirá ver a parte máis agreste do pequeno río Sabor, que forma unha foz, con numerosas fervezas e pozas. Así iremos descendendo ata chegar á súa desembocadura no río Douro.

Distancia: 9 km - Desnivel: -270 m - Tempo: 3 h.

ALMENDRA – GRAVURAS DE PENASCOSA – CASTELO MELHOR

É unha ruta guiada que faremos dentro do Parque Arqueolóxico do Val do río Côa. Ás 13:30h sairemos de Almendra (conserva o nome en castelán) cun guía que nos acompañará a pé e outro que irá pechando cun coche de apoio. Durante os 6 km que hai ata as *gravuras*, o guía explicaranos a historia do parque arqueolóxico e as características xerais do val.

Chegaremos a Penascosa sobre as 15h, onde nos dividirán en varios grupos, para ir visitando as distintas zonas de gravados que datan do paleolítico superior, duns 20000 anos a.c. En 1996 este val foi declarado pola UNESCO Patrimonio da Humanidade.

Sobre as 16:30h iniciaremos o camiño de saída, por unha cómoda pista nunha doada costa, que nos poñerá en Castelo Melhor sobre as 18h. Despois dunha curta parada, tentaremos facer unha visita a unha das adegas do val.

1º T.- Distancia: 6 km - Desnivel: -311 m - Tempo: 1,5 h.

2º T.- Distancia: 6 km - Desnivel: +246 m - Tempo: 1,5 h.



SÁBADO 3 DE MAIO

CAMINHO DE FERRO, FOZ CÔA – BARCA DE ALVA

Sairemos andando da Pousada, atravesaremos o pobo de Foz Côa e por bos camiños chegaremos ao río Douro. O resto da ruta será toda pola vía que vai pegada ao río, pasando por dous túneles doados, varias estacións e pontes. O trazado mantén as vías, travesas e as pedras.

Distancia: 21 km - Desnivel: -273 m - Tempo: 9-10 h.

DOMINGO 4 DE MAIO

MURÇA – VESÚVIO – PINHÃO

Ruta dende Murça (a 12 km de Foz Côa) ata a estación de Vesúvio onde chegaremos sobre as 11h, por un fermoso tramo de pistas entre viñedos, cunhas impresionantes vistas.

Ás 11:30h colleremos o *comboio* que nos levará en 45 minutos ata **Pinhão**, un dos pobos máis fermosos do alto Douro, cunha excepcional paisaxe de quintas que xa veremos na viaxe en tren (billete incluído na inscrición). A súa estación ten uns fermosos murais de azulexos, e no peirao veremos os tradicionais *rabelos*, os pequenos barcos que transportaban as barricas de viño.

En Pinhão xantaremos e poderemos estar ata as 15h (hora portuguesa, 16h hora española), en que emprendemos a viaxe de regreso.

Distancia: 5 km - Desnivel: 0 m - Tempo: 1,15 h.

